

ORDENANZA FISCAL Núm. 1

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real decreto legislativo 2/2004, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable neste Concello queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2

1.- O tipo de gravame aplicable aos bens inmobles queda fixado atendendo á seguinte tipoloxía:

| | |
|--|-------|
| Bens inmobles de natureza urbana | 0,63% |
| Bens inmobles de natureza rústica | 0,60% |
| Bens inmobles de características especiais | 1,00% |

2.- Non obstante, establécense tipos diferenciados para os bens inmobles de natureza urbana, que teñan asinados os usos seguidamente indicados, e que superen, atendendo á normativa catastral a valoración de construción que seguidamente se indica:

| USOS | Valor catastral a partir del cual se aplicará el tipo de gravamen diferenciado | Tipo de gravame diferenciados |
|-----------------------|--|-------------------------------|
| Comercial | 300.000,00 € | 0,8 % |
| Industrial | 300.000,00 € | 0,8 % |
| Ocio e Hostalería | 1.400.000 € | 0,8 % |
| Oficinas | 300.000,00 € | 0,8 % |
| Obras de urbanización | 300.000,00 € | 0,8 % |

En todo caso, os tipos de gravame diferenciados só poderán aplicarse ao 10% dos bens inmobles do término municipal, que para cada uso, teñan maior valor catastral.

No suposto de que os inmobles teñan atribuídos distintos usos aplicarase o tipo correspondente ao uso da edificación ou dependencia principal.

Artigo 3

Nos termos do artigo 73 do Real decreto lexilslativo 2/2004 terán dereito a unha bonificación do 50% os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto da obra nova coma de rehabilitación equiparable a ela.

Artigo 4

Establécese unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto de bens inmobles a favor dos suxeitos pasivos que teñan a condición de titulares de familia numerosa. Nese senso, e nos termos da disposición sexaxésima cuarta da Lei 2/2008, terán esa consideración as familias monoparentais con 2 fillos a cargo, nos termos que determine a normativa de desenvolvemento da citada lei.

O recoñecemento desa bonificación determinarase polo nivel de renda da familia numerosa, atendendo á seguinte orde:

| NIVEL DE RENDA | BONIFICACIÓN CUOTA |
|--|--------------------|
| Rendas inferiores ao duplo do IPREM | 90,00% |
| Rendas que superen o duplo do IPREM e inferiores ao cuádruplo do dito índice | 70,00% |
| Rendas que superen o cuádruplo do IPREM e sexan inferiores ao quádruplo de dito índice | 50,00% |

Requisitos obxectivos:

Só serán bonificables as cotas correspondentes aos inmobles que constitúan o domicilio da familia numerosa, tendo esta consideración o domicilio no que figuren empadroados. Ningún suxeito pasivo poderá disfrutar a bonificación de forma simultánea en 2 bens distintos.

Para o cómputo da renda, teranse en conta a renda unitaria da unidade familiar, entendendo por esta a suma das rendas de todos os membros que constitúan a familia numerosa dividida entre número de membros desta.

Requisitos formais:

A bonificación esixe a previa solicitude do/a interesado/a. Esta solicitude será acompañada de copia compulsada do título de familia numerosa, expedido polo órgano competente da Administración autonómica. Os datos relativos ao domicilio da familia numerosa obteranse de oficio por esta Administración. Polo que se refire aos datos correspondentes á renda, obteranse de oficio para aqueles suxeitos pasivos que formalicen, atendendo á normativa vixente, a declaración do imposto da renda das persoas físicas. No suposto de que os solicitantes non estean obrigados á declaración do dito imposto corresponderalle ao solicitante a acreditación dos ingresos que lle correspondan á dita unidade familiar, mediante o certificado expedido pola entidade que aboe as súas rendas. De non existir as ditas rendas deberán achegar certificados negativos das entidades responsables de pagamentos de subsidios ou pensións.

En todo caso o outorgamento do beneficio fiscal terá efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se concedeu.

Duración:

A bonificación será outorgada ata a data sinalada como de caducidade no título de familia numerosa. En todo caso a perda da condición de familia numerosa antes do cumprimento do prazo sinalado determinará a perda da bonificación. Así mesmo, a variación do nivel de renda da unidade familiar poderá determinar a variación do importe de bonificación -o no seu caso- a súa perda. Esta perda será aplicable ó exercicio posterior a aquel no que se produza. A falta de comunicación, polo suxeito pasivo, a esta Administración da dita perda da condición de familia numerosa, terá a consideración de infracción tributaria, coa cualificación e sancións que determine a lexislación vixente en cada momento.

Corresponderalle ao solicitante que non estea obrigado a presentar a declaración da renda, ben sexa dun ou de todos os membros da unidade familiar, a acreditación dos ingresos anuais que lle correspondan á dita unidade, nos termos antes sinalados. Esta acreditación deberá de presentarse no mes de xaneiro de cada exercicio posterior á concesión.

Artigo 5

1.- Trala solicitude de parte, o Concello de Ferrol, establece unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto para aqueles bens inmobles que teñan instalado

sistemas para o aproveitamento térmico da enerxía solar para autoconsumo de auga quente sanitaria. En todo caso esta bonificación unicamente será aplicable en relación a aqueles inmobles que, ben polo código técnico da edificación, ben por calquera outra lexislación sectorial, non teña a obriga legal de incluír nos seus proxectos un sistema de aproveitamento de enerxías alternativas.

As instalacións solares térmicas deberán proporcionar un aporte mínimo do 40% da enerxía necesaria para satisfacer a demanda de auga quente sanitaria.

No proxecto ou memoria de instalación se considerará un consumo mínimo de auga quente sanitaria, á temperatura de 50° ou superior, de 35 litros por persoa e día.

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que estas instalacións inclúan captadores solares e colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

Esta bonificación terá unha duración de 3 anos a partires do exercicio seguinte ó da súa instalación.

Corresponderá ó solicitante a acreditación documental de que se cumpren os requisitos antes referidos, debendo os servizos técnicos municipais informar favorablemente a dita acreditación.

2.- Establecese unha bonificación na cuota íntegra en favor daqueles inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou do fomento de emprego que xustifique tal declaración.

A concesión desta bonificación será a instancia de parte, debendo acompañar a solicitude a memoria xustificativa da declaración de especial interese ou utilidade municipal da actividade económica sobre a que verse a solicitude.

Correspondera ao pleno da corporación a declaración de actividade económica de especial interese ou utilidade pública, así como a determinación do porcentaxe obxecto de bonificación, que non poderá superar o 95% da cuota íntegra.

3.- De conformidade co establecido no artigo 73.2 da Lei reguladora das facendas locais, ampliase en dous anos a bonificación que corresponda ás vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a éstas conforme á normativa da respectiva comunidade autónoma. A bonificación aplicable aos dous anos de prórroga será do 50%. Esta prórroga aplicarase de forma automática para aquelas vivendas ás que se lle recoñeza a bonificación preceptiva do artigo 73.2 do Real decreto lexislativo 2/2004.

Artigo 6

Establécese unha recarga do 50 por 100 sobre a cota líquida dos bens inmobles urbanos de uso residencial desocupados con carácter permanente, que se aplicará conforme ó disposto no parágrafo terceiro do apartado 4 do artículo 72 do T.R. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A aplicación deste recargo esixe o desenvolvemento legal do que se entende por vivenda desocupada con carácter permanente, competencia allea ó Concello de Ferrol. Neste sentido instar á Xunta de Galicia e ó Goberno Central a que adopten as medidas lexislativas necesarias para poder aplicar este recargo.

NORMAS DE XESTIÓN DE PAGAMENTO

Artigo 7.- Pagamento con vencemento especial.

1.- O sistema especial de pagamento que aquí se regula será de aplicación aos recibos do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e permitirá o fraccionamento da débeda en dous prazos sen que se produza devengo de xuros nin se requira a prestación de garantías.

2.- Os requisitos para poder acollerse a este sistema son:

- a) O obrigado tributario non terá débedas en vía executiva co Concello de Ferrol.
- b) Os pagamentos deste fraccionamento satisfaranse por domiciliación bancaria.
- c) Formularase solicitude expresa no primeiro trimestre do exercicio no que se pretende a súa aplicación.
- d) A solicitude incluírá todos os recibos de IBI urbana a nome do mesmo titular.

3.- O sistema especial de pago do IBI entenderase automaticamente concedido sempre que se cumpran os requisitos anteriores no día da solicitude.

No suposto que a solicitude se presente despois da data indicada, a concesión terá efectos tributarios no exercicio seguinte.

De non cumprirse os requisitos, o Concello comunicará a denegación da inclusión neste sistema antes do inicio de período voluntario de pago xeral do padrón e, en todo caso, antes do primeiro prazo establecido.

Unha vez acollidos ao sistema, entenderase por tempo indefinido mentres non exista renuncia expresa do solicitante no primeiro trimestre do exercicio no que se pretende a exclusión do sistema especial de pago, se satisfagan os pagos nos termos establecidos, exista coincidencia entre o titular do recibo do exercicio no que se formule a solicitude e os seguintes e sigan verificándose as condicións do apartado d) anterior.

A estes efectos, o Concello poderá revisar en calquera momento que estime oportuno, o cumprimento das ditas condicións, quedando automaticamente excluído do sistema especial de pago, con carácter permanente, quen non as cumprise, previa comunicación ao interesado.

4.- O importe de cada fracción será do 50% da cota líquida do recibo de IBI do exercicio en curso, aboándose, por domiciliación bancaria, a primeira fracción o 5 de xullo ou inmediato hábil posterior, e a segunda fracción, o 5 de novembro, ou inmediato hábil posterior, ambos do mesmo exercicio en curso, sempre de acordo co calendario fiscal que se aprobe anualmente o Concello de Ferrol.

Cando por causas imputables ao interesado, non se faga efectiva algunha das fraccións, automaticamente, quedará excluído do sistema especial de pago pasando a rexerse polo sistema xeral e, polo tanto:

- α) Se o período voluntario de ingreso non tivera finalizado, terase que proceder ao pago íntegro da débeda dentro do período voluntario de ingreso establecido para este tributo no calendario fiscal que se aprobé.
- β) Se o período voluntario de ingreso tivera finalizado, iniciárase a vía de prema pola contía pendente de pago.

5.- Se o obrigado ó pago decidira adiantar o pago de calquera das fraccións á data de vencemento sinalada, deberá aboar o importe total do recibo para o que terá que dirixirse á Recadación municipal que lle entregará o documento de pago sen que isto supoña a perda do sistema para exercicios posteriores, agás que o interesado así o manifeste.

6.- Calquera modificación da conta de domiciliación deberá comunicarse con 2 meses de antelación ás datas establecidas para o cobro de cada fracción. No suposto de que se presente despois das datas indicadas, as modificacións terán efecto para a fracción seguinte.

DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA

Para a aplicación no exercicio 2014 da bonificación regulada no artigo 5.2, as solicitudes poderanse presentar durante o primeiro bimestre do ano. Para o resto dos exercicios ditas solicitudes poderanse presentar ao longo do ano, se ben os seus efectos serán aplicables para o exercicio seguinte de dita solicitude.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

"Están suxeitos a tributación os bens inmoables pertencentes a confesións relixiosas nos termos establecidos polos acordos internacionais subscritos así como pola lexislación ditada sobre a materia (Lei 49/2002, regulamento de

desenvolvemento e o resto de normativa estatal que regule a dita materia). A estes efectos, nos tres primeiros meses do ano 2016 se elaborará un censo que determine este tipo de bens.

De igual xeito, están suxeitos a tribuación os bens adscritos ó Ministerio de Defensa que foron desafectados ou que non estean afectos á Defensa do Estado, estean incluídos en convenios con outras Administracións ou non.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

A efectos de concesión do beneficio fiscal en materia de familia numerosa, aplicarase carácter retroactivo a 1 de xaneiro de 2006 a todas as solicitudes presentadas no Rexistro Xeral desta Administración antes do 30 de marzo de dito ano. As presentadas con posterioridade a esta data terán efectos para o exercicio 2007.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Exclusivamente para o exercicio 2016, primeiro exercicio de aplicación deste sistema especial de pago, este entenderase automaticamente concedido para aqueles obrigados que teñan os seus recibos domiciliados salvo que no primeiro trimestre do exercicio 2016 notifiquen a súa renuncia expresa ó mesmo.

En todo caso, aqueles obrigados que teñan domiciliados os seus recibos e que non notificaran a súa renuncia expresa do sistema no prazo establecido para elo, e que non fixeran efectivo ó seu vencemento o importe do primeiro prazo, o recibo se pasará ó cobro na conta indicada polo interesado o día do cargo das domiciliacións bancarias do imposto dentro do período xeral de cobro do mesmo e estará constituído pola contía total do recibo correspondente ó exercicio.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2016 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.